



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

CENTRO PÚBLICO INTEGRADO DO TOURAL

Toural nº 34 36141 - Vilaboa (Pontevedra)

Teléfono: 886 151 766 Fax: 886 151 769

e-mail: cpi.toural@edu.xunta.es



ENTROIDO NO TOURAL

9 de febreiro de 2024

CONCURSO DE POSTRES

Como todos os anos, o vindeiro venres **9 de febreiro**, celebraremos no centro o noso tradicional **CONCURSO DE POSTRES DO ENTROIDO**.

Os postres serán expostos no colexio para a súa posterior degustación. Un xurado otorgará un premio para cada nivel educativo.

Animádevos a participar!!!

Non esquezades poñer na parte de abaixo do soporte do postre, o nome do alumno/a participante e curso e grupo ao que pertence.

ORDES DO MECO: do luns 5 ao xoves 8 de febreiro podemos seguir as ordes do MECO

Xa é Entroido no Toural

e o Meco trouleiro vaite liar

Se da festa queres disfrutar

as súas ordes tes que escoitar...

O **luns** será un día de gozo

se algo levas no pescozo

O **martes** seguimos coa festa,

ponte algo na testa !

O **mércres**, non o penses máis

Con algo na cara vén ao Toural

O **xoves**, festeira criatura,
algo atoparás para a cintura

E así chegamos ao venres
día de festa a rachar
haberá sobremesas
música, baile e... disfraz !!

PASARRÚAS

O alumnado de Ed. Infantil e Primaria fará un pasarrúas. Partiremos do colexio sobre ás 11:15 h hacia o concello amenizadas/os por unha comparsa composta por alumnado de Primaria. Todas as familias estades convidadas a acompañarnos.



Feliz Entroido!